



GUÍA

Postal histórica de Chantada



Arquivo Xeral
da Deputación de Lugo

Introdución

Os arquivos son unha parte imprescindible de calquera administración pública, vitais para o seu correcto funcionamento e ineludibles para a cidadanía, tanto no relativo ao carácter probatorio dos documentos como na súa condición de centros de memoria.

As deputacións provinciais teñen unha historia que non vai máis aló do século XIX, pero ese relativamente curto abano cronolóxico inclúe unha inxente cantidade e variedade de documentación que testemuña a evolución de cada provincia e que, no caso de Lugo, adquire unha dimensión especial.

Dende A Mariña até a Ribeira Sacra e dende as montañas orientais até o Macizo Galaico, a provincia de Lugo é rica en paisaxes e tradicións, e experimentou enorme avances nos últimos dous séculos dos que a Deputación foi un actor fundamental. Cada acción, cada plan, cada proxecto e cada iniciativa desenvolvida por ela deixou un rastro documental. A reunión de todas esas pegadas constitúe o núcleo do noso Arquivo, e o seu tratamento, custodia e servizo, a nosa razón de ser.

A través desta guía, dende o Arquivo Xeral da Deputación Provincial de Lugo queremos dar a coñecer unha parte moi importante do patrimonio documental da provincia de Lugo dentro do noso labor de difusión e achegamento ao pobo lucense, de xeito que se convirta nun instrumento de descrición clave para o coñecemento dos fondos custodiados no Arquivo e nun reflexo do noso compromiso cos usuarios.

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Identificador:

ES GA 27028 AXDL

Forma autorizada do nome:

Arquivo Xeral da Deputación Provincial de Lugo

Forma paralela do nome:

Archivo General de la Diputación Provincial de Lugo

Outras formas do nome:

Arquivo da Deputación de Lugo

Tipo de institución que custodia os fondos de arquivo:

Titularidade e xestión: Administración local. Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Ciclo vital: Arquivo central, intermedio e histórico

Tipoloxía: Arquivo Provincial

ÁREA DE CONTACTO

Localización e dirección:

Tolda de Castela, s/n (antigo hotel Miño)

27002, Lugo (España)

Teléfono, fax, correo electrónico:

Teléfono: +(34) 982 30 40 43

Correo electrónico: arquivo@deputacionlugo.org

Persoas de contacto:

Dirección: Sabela Gayoso Carreira

ÁREA DE DESCRICIÓN

Historia da institución que custodia os fondos de arquivo:

A Deputación Provincial de Lugo ten a súa orixe na Deputación Provincial Única de Galicia, creada en 1813, e que exercía o seu poder sobre as sete provincias do antigo Reino de Galicia. A convulsa evolución histórica da España de comezos do século XIX causou un forte impacto na institución, que foi suprimida en 1814, reimplantada en 1820 e finalmente eliminada en 1822, coa aprobación provisional polas Cortes dunha división provincial na que se contemplaba unha provincia de Lugo similar a actual e a creación da súa correspondente deputación provincial. Porén, este proxecto nunca chegou a facerse realidade e habería que agardar até a división provincial de Javier de Burgos, en 1833,

para o establecemento da actual provincia de Lugo. En 1835, o Real Decreto do 23 de setembro crea as deputacións provinciais e no mes de novembro bota a andar a de Lugo con competencias como beneficencia, mellora da rede viaria, fomento do ensino ou recuperación de monumentos.

En 1875 a Deputación instalouse no Pazo de San Marcos, no centro da cidade, que será a súa sede principal até o día de hoxe. Xunto a este edificio, a Deputación desenvolverá as súas actividades noutros espazos que constitúen unha parte fundamental da paisaxe urbana lucense.

Así, dentro do ámbito benéfico-asistencial, destacan tres edificios. En primeiro lugar, o Fogar de Santa María, que foi creado como hospital e cedido polo Concello de Lugo á Deputación en 1941. Funcionou como fogar de acollida de nenas para posteriormente albergar dependencias administrativas como o extinto Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES) e o Centro de Artesanía e Deseño. En segundo lugar, o hospital de San Xosé, construído nos anos 30 do século XX e que cumpriu as funcións de hospital e maternidade. Por último, o Hospital Psiquiátrico de San Rafael, situado en Castro Ribeiras de Lea, único en Galicia e que funcionou dende a década dos 50 até o ano 2012 en que cesou nas súas funcións.

No ámbito cultural, destaca o Museo Provincial, que ocupa o antigo convento de San Francisco dende 1949 e que é centro da Rede Museística Provincial xunto coa fortaleza de San Paio de Narla (Friol), o Museo do Mar de San Cibrao (Cervo) e o Pazo de Tor (Monforte de Lemos). Por último, a Granxa Gayoso Castro, creada en Castro de Rei en 1942 como centro de investigación do sector agrícola lucense e para abastecer aos centros dependentes da Deputación. Na actualidade alberga o Centro de Recría Pública de Gando.

A nivel histórico, a Deputación de Lugo sufrirá os mesmos avatares históricos có resto de corporacións provinciais do país. Deste xeito, en 1925 publícase o Estatuto Provincial, no que se recollen os fundamentos lexislativos, xurídicos e administrativos das deputacións. Coa II República disólvese a corporación provincial e unha comisión xestora asume as súas funcións. Tras o golpe militar de 1936, unha comisión xestora franquista asume o goberno provincial, que se desenvolverá ao longo de case 40 anos baixo o paraugas da ditadura.

Finalmente, a Deputación de Lugo constitúese como organismo democrático no ano 1979, dentro do proceso da Transición, cunha estrutura e regulamentación xa moi similares ás de hoxe en día.

Contexto cultural e xeográfico:

O Arquivo Xeral da Deputación Provincial de Lugo ten como misións básicas recoller, conservar e servir a documentación xerada pola propia institución dende as súas orixes e, aínda que custodia outros fondos, é o da propia institución provincial o máis importante e voluminoso.

Ese fondo abrangue documentación dos actuais 67 concellos da provincia e dá testemuño das transformacións que se deron neles dende o século XIX, entre as que destaca a segregación de Rábade de Begonte en 1925, a creación do concello de Negueira de Muñiz en 1928, a segregación de Burela de Cervo en 1994 e a fusión de Vilameá e Vilaoudriz en 1963 da que nacería o concello da Pontenova. En relación con isto, tamén é necesario sinalar certos cambios na denominación de algúns concellos que se poden apreciar na documentación custodiada no Arquivo. Así, en 1857, Cabarcos e Doncos adoptaron as actuais denominacións de Barreiros e As Nogais; do mesmo xeito, Rendar converteuse no Incio en 1877, Trasparga en Guitiriz (1945), Riobarba tomou o nome do Vicedo en 1952 e Neira de Xusá pasou a ser Baralla en 1975.

Atribucións/Fontes legais:

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro).

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (BOE núm. 80, do 3 de abril).

Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE núm. 155, do 29 de xuño, corrección de erros BOE 296, do 11 de decembro).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, do 5 de agosto).

Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local (BOE núm. 301, do 17 de decembro).

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro).

Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia (DOG núm. 191, do 7 de outubro).

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia (DOG núm. 30, do 15 de febreiro).

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16 de maio).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (BOE núm. 305, do 22 de decembro).

Regulamento do Arquivo Xeral da Deputación de Lugo (BOP núm. 29, do 4 de febreiro de 2017).

Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020).

Estrutura administrativa:

Dirección

Área de arquivo

Área de investigación

Laboratorio de restauración

Xestión de documentos e política de ingresos:

Polo seu carácter de arquivo central, intermedio e histórico, o Arquivo recibe as transferencias das oficinas dos distintos servizos que conforman a Deputación Provincial de Lugo transcorrido un prazo mínimo de 5 anos, unha vez rematada a súa tramitación.

Ademais, contribúese ao incremento do patrimonio documental lucense coa incorporación de documentación que poida ser relevante para a provincia a través de compra, doazón e outras formas de ingreso extraordinario.

Edificio:

Existen referencias documentais do Arquivo da Deputación de Lugo dende mediados do século XIX. O seu local principal estivo en distintas localizacións do Pazo de San Marcos, en Lugo, se ben ao longo da súa historia diferentes agrupacións documentais foron almacenadas noutros lugares, como varios dos pavillóns do Fogar de Santa María.

Na actualidade, ocupa o edificio do antigo hotel Miño, situado na Tolda de Castela, e que foi adquirido pola Deputación Provincial en 1984. Funcionou como residencia universitaria e para deportistas até que en 2011 se instalou definitivamente o servizo de Arquivo.

Fondos e outras coleccións custodiadas:

Fondos públicos

Fondos privados

Coleccións

Instrumentos de descrición, guías e publicacións:

Guía, cadro de clasificación, inventarios e bases de datos.

ÁREA DE ACCESO

Horarios de apertura:

Inverno e verán: de luns a venres laborables, de 9 a 14 horas.

Condicións e requisitos para o uso e acceso:

A consulta da documentación é libre e gratuíta, co único requisito de encher unha folla de consulta ou ficha de investigación co nome e DNI da persoa que desexe levala a cabo e os datos básicos da consulta/investigación.

A documentación que conteña datos de carácter persoal estará suxeita á lexislación competente nese ámbito. A que estea en mal estado de conservación, en proceso de restauración ou en proceso de tratamento non poderá ser consultada agás que a dirección do centro o autorice.

Sempre que sexa posible, priorizarase a consulta de documentación dixitalizada a través dos medios de difusión que posúa a institución.

Accesibilidade:

O Arquivo é accesible para persoas con discapacidade.

Existen paradas de autobús urbano nas proximidades do Arquivo pertencentes á liña 11 (Rural - Nadela), de luns a venres laborais e á liña 3 (Sindicatos - Fontiñas - Montirón - Tolda), con frecuencia de 30 minutos de luns a venres laborais e de 1 hora sábados, domingos e festivos.

ÁREA DE SERVIZOS

Servizos de axuda á investigación:

O Arquivo conta cunha sala de consultas con capacidade para dous usuarios, con tomas eléctricas para ordenadores portátiles e a posibilidade de empregar ordenador de sala, pero sen conexión a Internet. Ademais, o persoal do Arquivo asesorará e guiará ao usuario para poder satisfacer correctamente as súas necesidades arquivísticas.

A atención levarase a cabo de xeito presencial e electrónico, en galego e en castelán.

Servizos de reprodución:

O Arquivo proporciona aos seus usuarios copias da documentación que precisan sempre e cando as condicións dos materiais o posibiliten. Permítese o emprego de medios propios dos usuarios (cámaras fotográficas, teléfonos móbiles) de balde e de xeito acorde ás condicións de acceso á documentación. Do mesmo xeito, o Arquivo pode proporcionar fotocopias e dixitalizacións en tamaño até DIN A3, baixo as mesmas premisas anteriormente descritas.

ÁREA DE CONTROL

Identificador da institución:

ES GA 27028 AXDL

Regras e/ou convencións:

ISDIAH: Norma internacional para a descrición de institucións que custodian fondos de arquivo, 1.^a edición. Consello Internacional de Arquivos 2008.

Estado de elaboración:

Finalizada

Nivel de detalle:

Descrición completa

Datas de creación, revisión ou eliminación:

Creación: 03/06/2021

Revisión: 04/02/2022

Lingua(s) e escritura(s):

Galego: glg

Español: spa

Fontes:

Páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

Documentación do Arquivo Xeral da Deputación de Lugo.

Variaciones de los municipios de España desde 1842. Ministerio de Administraciones Públicas. Secretaría General Técnica, 2008.

Notas de mantemento:

Redacción a cargo de Jesús Rey Modia baixo a supervisión de Sabela Gayoso Carreira.

Fondos documentais

Fondo Deputación de Lugo

01 Goberno e dirección

01 01	Función executiva/directiva	
01 01 00 01	Comunicacións de acordos do Pleno	1988-2007
01 01 00 02	Borradores de sesións do Pleno	1966-1984
01 01 00 03	Expedientes de sesións do Pleno	1983-1987
01 01 00 04	Libros de Actas de sesións do Pleno	1835-2006
01 01 00 05	Libros de Actas de sesións da Comisión Provincial	1871-1931
01 01 00 06	Borradores de sesións da Comisión Xestora	1942-1964
01 01 00 07	Libros de actas de sesións da Comisión Xestora	1932-1965
01 01 00 08	Actas de sesións da Comisión de Goberno	1983-1987
01 01 00 09	Borradores de sesións da Comisión de Goberno	1981-1984
01 01 00 10	Comunicacións de acordos da Comisión de Goberno	1988-1995
01 01 00 11	Expedientes de sesións da Comisión de Goberno	1985-1987
01 01 00 12	Libros de Actas de sesións da Comisión de Goberno	1979-2006
01 01 00 13	Actas de sesións da Xunta de Goberno	2003-2007
01 01 00 14	Comunicacións de acordos da Xunta de Goberno	2003-2007
01 01 00 15	Libros de actas de sesións da Xunta de Goberno	2007-2007
01 01 00 16	Decretos	1955-1993
01 01 00 17	Libros de decretos	1952-2004
01 01 00 18	Expedientes de cédulas persoais	1941-1942
01 01 00 19	Rexistros de cédulas persoais	1941-1942

01 02 Asistencia á toma de decisións

01 02 00 01	Estudos, informes e propostas	1985-1988
01 02 00 02	Actas de sesións das comisións informativas	1986-1986
01 02 00 03	Expedientes de sesións das comisións informativas	1984-1987
01 02 00 04	Actas dos consellos sectoriais	1986-1986

01 03 Control da acción de Goberno

01 04 Protocolo e representación corporativa

01 05 Función normativa

01 05 00 01	Regulamentos	1929-1985
-------------	--------------	-----------

01 06 Relacións institucionais

01 06 00 01	Convenios de colaboración	1985-2014
-------------	---------------------------	-----------

02 Administración de recursos

02 01 Xestión da información e a documentación

02 01 01 Rexistro

02 01 01 01	Libros rexistros xerais de entrada de documentos	1921-2013
02 01 01 02	Libros rexistros xerais de saída de documentos	1937-2013

02 01 02	Xestión de documentos e arquivos	
02 01 02 01	Estudos de identificación e valoración	2017-2020
02 01 02 02	Expurgo de documentos	2016-2016
02 01 02 03	Instrumentos de descrición e control de documentos	1937-2009
02 01 02 04	Transferencias de documentos	1937-2020
02 01 02 05	Solicitudes de acceso a documentos	1991-2018
02 01 03	Xestión dos recursos bibliográficos	
02 01 03 01	Expedientes de usuarios	1990-2018
02 01 04	Xestión e edición de publicacións	
02 01 04 01	Publicacións	1865-2002
02 01 04 02	Boletín Oficial da Provincia	1834-2009
02 01 05	Xestión da transparencia e publicidade activa	
02 01 06	Xestión de datos de carácter persoal	
02 01 07	Xestión de acceso á información	
02 01 07 01	Correspondencia	1875-2007
02 01 08	Comunicación e xestión da información institucional	
02 01 08 01	Dossieres de prensa	1979-2000

02 02 Xestión das tecnoloxías da comunicación e/ou información

02 03 Asistencia e defensa xurídica

02 03 00 01	Informes xurídicos	1987-2007
02 03 00 02	Recursos contencioso- administrativos	1945-2007

02 04 Xestión de recursos humanos

02 04 01 Organización do persoal

02 04 01 01	Cadros de persoal	1946-1967
02 04 01 02	Expedientes persoais	1851-2009
02 04 01 03	Libros rexistros de persoal	1856-1952
02 04 01 04	Ofertas de emprego público	1986-2004
02 04 01 05	Recoñecementos de servizos prestados	1984-2003
02 04 01 06	Relacións de postos de traballo	1992-2007

02 04 02 Selección e provisión do persoal

02 04 02 01	Persoal fixo	1896-2015
02 04 02 02	Persoal temporal	1982-2015
02 04 02 03	Provisión de postos	1932-2015

02 04 03 Retribucións e previsión social

02 04 03 01	Aboamentos de produtividade	2008-2014
02 04 03 02	Anticipos de nómina	1961-1970
02 04 03 03	Expedientes de concesión de pensións	1921-1921
02 04 03 04	Expedientes da MUNPAL	1964-1974
02 04 03 05	Expedientes de réxime e retribucións	1952-1983
02 04 03 06	Gratificacións do persoal	1946-1986
02 04 03 07	Nóminas	1887-1993
02 04 03 08	Preitos e recursos	1950-1969
02 04 03 09	Reclamacións e solicitudes do persoal	1970-1990
02 04 03 10	Retencións xudiciais	1950-1972
02 04 03 11	Seguros sociais	1900-1950

02 04 04 Formación do persoal

02 04 04 01	Accións formativas	1981-1981
--------------------	--------------------	-----------

02 04 04 02	Expedientes de clases pasivas	1966-1978
02 04 05	Relacións laborais	
02 04 05 01	Convenios laborais	1985-2002
02 04 05 02	Programas de cooperación	2008-2014
02 04 06	Prevención de riscos laborais e seguridade	
02 04 06 01	Mutuas/ Asistencias sanitarias	1960-1993
02 04 07	Control de persoal	
02 04 07 01	Controis de presenza	1984-1990
02 04 07 02	Expedientes disciplinarios	1936-1994
02 04 07 03	Permisos e licenzas	1952-1989
02 04 08	Provisión de incentivos e axudas ao persoal	
02 04 08 01	Axudas sociais	1879-2003
02 04 08 02	Bolsas	1963-1985
02 04 08 03	Dietas	1958-1987

02 05 Xestión do patrimonio

02 05 01	Administración de bens	
02 05 01 01	Adquisicións de bens	1934-1969
02 05 01 02	Alieamentos de bens	1933-1938
02 05 01 03	Cesións de bens	1873-1969
02 05 01 04	Expropiacións de bens	1935-2008
02 05 01 05	Inventarios de bens	1883-1984
02 05 01 06	Permutas	1939-1939
02 05 02	Defensa e protección do patrimonio	
02 05 03	Xestión de bens patrimoniais	
02 05 03 01	Arrendamentos	1926-1938
02 05 03 01	Expedientes de obras en edificios e instalacións da Deputación	1871-2005

02 06 Contratación

02 06 00 01	Expedientes de contratación	1925-2018
-------------	-----------------------------	-----------

02 07 Xestión dos recursos económicos

02 07 01	Xestión orzamentaria e financeira	
02 07 01 01	Cargos por estancias en establecementos provinciais	1920-1986
02 07 01 02	Certificacións de premas	1962-1974
02 07 01 03	Contas correntes de cooperación con municipios	1929-1963
02 07 01 04	Contas de caudais	1949-1983
02 07 01 05	Contas e estados de liquidacións	1965-1974
02 07 01 06	Débitos	1930-1979
02 07 01 07	Documentos de ingresos	1940-2013
02 07 01 08	Documentos de pagamentos	1929-2014
02 07 01 09	Exames e censuras de contas	1920-1952
02 07 01 10	Expedientes de compensación de débedas	1988-1989
02 07 01 11	Expedientes de gastos	1910-2009
02 07 01 12	Expedientes de préstamos	1991-1992
02 07 01 13	Expedientes de préstamos co Banco de Crédito Local	1929-1984
02 07 01 14	Expedientes do orzamento	1934-1990
02 07 01 15	Expedientes do orzamento de outras deputacións	1902-1991
02 07 01 16	Extractos bancarios	1992-1994

02 07 01 17	Follas diario	1967-1979
02 07 01 18	Garantías e fianzas	1941-1975
02 07 01 19	Inventarios e balances	1886-1959
02 07 01 20	Libros auxiliares de caixa	1931-1975
02 07 01 21	Libros auxiliares de efectos	1979-1981
02 07 01 22	Libros auxiliares de gastos	1956-1964
02 07 01 23	Libros auxiliares de ingresos	1886-1980
02 07 01 24	Libros borradores de ingresos	1889-1917
02 07 01 25	Libros borradores de pagos	1889-1910
02 07 01 26	Libros de actas de arqueo	1865-1968
02 07 01 27	Libros de actas de arqueo diario	1960-1968
02 07 01 28	Libros de caixa	1864-1992
02 07 01 29	Libros de caixa de arqueo diario	1978-1983
02 07 01 30	Libros de contas correntes bancarias	1886-2000
02 07 01 31	Libros de fianzas e depósitos	1956-1975
02 07 01 32	Libros de ingresos e gastos	1919-1977
02 07 01 33	Libros de inventarios e balances	1886-1887
02 07 01 34	Libros de valores independentes e auxiliares do orzamento	1953-1989
02 07 01 35	Libros diarios de fondos carcerarios	1890-1986
02 07 01 36	Libros diarios de ingresos e pagamentos	1935-1991
02 07 01 37	Libros diarios de intervención de fondos provinciais	1938-1992
02 07 01 38	Libros diarios de intervención de ingresos	1884-1886
02 07 01 39	Libros diarios de intervención de pagos	1870-1875
02 07 01 40	Libros diarios do orzamento provincial	1867-1868
02 07 01 41	Libros maiores de bancos de outras provincias	1965-1971
02 07 01 42	Libros maiores de conceptos do orzamento de gastos	1996-2000
02 07 01 43	Libros maiores de conceptos do orzamento de ingresos	1996-2000
02 07 01 44	Libros maiores de contadoría de fondos provinciais	1887-1992
02 07 01 45	Libros maiores de contas	1859-2001
02 07 01 46	Libros maiores de movementos de fondos	1896-1896
02 07 01 47	Libros rexistros de actas de inspección	1961-1967
02 07 01 48	Libros rexistros de continxente provincial, contas e atrasos co arrendatario	1921-1921
02 07 01 49	Libros rexistros de expedición de mandamentos	1958-1970
02 07 01 50	Libros rexistros de mandamentos de ingresos e pagamentos	1959-1984
02 07 01 51	Libros rexistros de mandamentos do orzamento de cooperación provincial de servizos municipais	1959-1968
02 07 01 52	Libros xerais de gastos	1956-1990
02 07 01 53	Libros xerais de operacións	1996-2001
02 07 01 54	Libros xerais de rendas e exaccións	1957-1990
02 07 01 55	Memorias	1929-1950
02 07 01 56	Ordenanzas fiscais e tarifas	1964-1974
02 07 01 57	Poderes notariais	1907-1959

02 08 Control e fiscalización

02 09 Xestión e recadación de tributos provinciais

02 09 00 01	Actas do Servizo de Inspección de Rendas e Exaccións	1953-1956
02 09 00 02	Expedientes do Servizo de Inspección de Rendas e Exaccións	1954-1983
02 09 00 03	Libros rexistros do Servizo de Inspección de Rendas e	1947-1958

	Exaccións	
02 09 00 04	Arbitrios provinciais	1902-1977
02 09 00 05	Comunicacións e informes sobre taxas provinciais	1961-1983
02 09 00 06	Contas de recadación de arbitrios e taxas provinciais	1898-1971
02 09 00 07	Expedientes de inspección de taxas provinciais	1954-1974
02 09 00 08	Expedientes sancionadores de taxas e prezos públicos provinciais	1978-1978
02 09 00 09	Facturas	1955-2018
02 09 00 10	Libros de contas con recadadores	1867-1984
02 09 00 11	Libros de contas correntes cos concellos	1868-1962
02 09 00 12	Libros rexistros de actas de inspección	1954-1975
02 09 00 13	Libros rexistros de electrificación rural	1954-1955
02 09 00 14	Libros rexistros de entrada de correspondencia da Caixa de Crédito Municipal	1960-1985
02 09 00 15	Libros rexistros de recadación de dereitos polo uso de maquinaria	1949-1954
02 09 00 16	Libros rexistros do BOP	1936-1961
02 09 00 17	Libros rexistros xerais de declaracións	1956-1960
02 09 00 18	Liquidación de taxas, prezos públicos e outros ingresos de dereito público provinciais	1953-1982
02 09 00 19	Liquidacións de arbitrios	1961-1973
02 09 00 20	Relacións de ingresos por taxas	1974-1982
02 09 00 21	Subscrición Patriótica da provincia de Lugo	1936-1944

02 10 Xestión da calidade

03 Prestación de servizos

03 01 Tutela e control de municipios

03 01 00 01	Eleccións municipais	1903-1966
03 01 00 02	Expedientes de recurso nivelador de orzamentos municipais	1954-1962

03 02 Asesoramento e asistencia ás entidades locais

03 02 01 Asesoramento e asistencia económica

03 02 01 01	Plans provinciais	1925-2008
03 02 01 02	Subvencións	1914-2017

03 02 02 Asesoramento e asistencia xurídica

03 02 03 Asesoramento e asistencia técnica

03 02 03 01	Informatización de concellos	1982-1985
-------------	------------------------------	-----------

03 03 Asistencia social e beneficencia

03 03 00 01	Convenios de beneficencia con outras administracións	1941-1982
03 03 00 02	Expedientes de asistentes sociais	1984-1987
03 03 00 03	Expedientes da escola de xordomudos	1984-1987
03 03 00 04	Expedientes de acollidos en centros benéficos	1862-1988
03 03 00 05	Expedientes de acollidos en centros externos	1922-1924
03 03 00 06	Expedientes de administración económica de centros benéficos	1920-1988
03 03 00 07	Expedientes de adopción	1956-1968
03 03 00 08	Expedientes de axudas e premios	1894-1925

03 03 00 09	Expedientes de menores	1862-1988
03 03 00 10	Expedientes de nais	1922-1943
03 03 00 11	Expedientes de amas de cría	1919-1939
03 03 00 12	Expedientes de organización e dirección de centros benéficos	1844-1988
03 03 00 13	Expedientes de teleasistencia	1999-2007
03 03 00 14	Expedientes do Padrón Benéfico Provincial	1976-1984
03 03 00 15	Garantías e fianzas	1968-1968
03 03 00 16	Historias clínicas	1944-1983
03 03 00 17	Recetas médicas	1957-1957
03 03 00 18	Rexistros de acollidos en centros benéficos	1892-1988
03 03 00 19	Rexistros de adopcións	1942-1987
03 03 00 20	Rexistros de expósitos	1862-1985
03 03 00 21	Rexistros de nais da Casa Provincial de Maternidade	1936-1985

03 04 Saúde e sanidade

03 05 Vías, infraestruturas e edificacións

03 05 00 01	Autorizacións de obras en vías provinciais	1974-1974
03 05 00 02	Construcións civís	1933-1968
03 05 00 03	Expedientes de obras de infraestruturas municipais	1927-1927
03 05 00 04	Expedientes de obras e proxectos de vías provinciais	1917-2010
03 05 00 05	Expedientes de obras en edificios e instalacións municipais	1926-2007
03 05 00 06	Expedientes de obras en edificios e instalacións de outras institucións	1926-1926
03 05 00 07	Plans de obras en vías provinciais	1945-2009

03 06 Promoción económica e fomento do emprego

03 06 01 Agricultura, gandaría e montes

03 06 01 01	Expedientes da Granxa Provincial Gayoso Castro	1940-1974
03 06 01 02	Expedientes de apicultura	1929-1982
03 06 01 03	Expedientes de gandaría	1904-1944
03 06 01 04	Expedientes de repoboación forestal	1942-1971
03 06 01 05	Memorias informativas de consorcios	1951-1956
03 06 01 06	Plan de operación silvícola	1965-1965

03 06 02 Industria e artesanía

03 06 02 01	Bolsas	1985-1985
03 06 02 02	Talleres artesanais	1989-1989

03 06 03 Comercio e turismo

03 06 03 01	Expedientes de turismo	1888-1994
03 06 03 02	Promoción turística	1888-1991

03 06 04 Fomento de emprego

03 06 04 01	Cursos AFD: Accións formativas para desempregados	2013-2015
03 06 04 02	Plans de fomento do emprego e a economía da provincia de Lugo	1996-2015

03 07 Comunicaci3ns e tecnoloxías da informaci3n

03 08 Educaci3n

03 08 00 01	Actas escolares	1918-1933
03 08 00 02	Bolsas	1922-1984

03 08 00 03	Concursos	1967-1973
03 08 00 04	Doazóns	1982-1982
03 08 00 05	Ensinanzas musicais	1988-1994
03 08 00 06	Expedientes da Escola de Artes e Oficios - Fundación Bolaño Rivadeneira	1892-1944
03 08 00 07	Expedientes da Escola de Comercio	1952-1952
03 08 00 08	Expedientes de xestión de institutos de segunda ensinanza e escolas normais	1834-1942
03 08 00 09	Programas educativos	1916- 1920
03 08 00 10	Rexistros de matrículas	1856- 1933

03 09 **Cultura**

03 09 00 01	Bolsas	1952-1987
03 09 00 02	Concursos culturais	1967-1982
03 09 00 03	Expedientes de actividades culturais	1958-1993
03 09 00 04	Expedientes de exposicións	1929-1983
03 09 00 05	Memorias	1986-1997
03 09 00 06	Proxectos culturais	1992-1993
03 09 00 07	Xestión de centros culturais	1984-1984

03 10 **Deportes**

03 10 00 01	Expedientes de actividades deportivas	1984-1988
03 10 00 02	Expedientes de trofeos	1988-1988

03 11 **Seguridade cidadá e protección civil**

03 11 01	Quintas e milicias	
03 11 01 01	Actas de alistamento	1923-1924
03 11 01 02	Actas de recepción	1924-1924
03 11 01 03	Apelacións de recoñecementos facultativos	1899-1924
03 11 01 04	Cartas de pagamentos	1897-1920
03 11 01 05	Certificados de liberdade	1897-1951
03 11 01 06	Disposicións	1973-1874
03 11 01 07	Estatísticas	1917-1923
03 11 01 08	Expedientes de baixas	1917-1923
03 11 01 09	Expedientes de estancias de mozos no hospital municipal	1919-1925
03 11 01 10	Expedientes de prófugos	1912-1924
03 11 01 11	Expedientes de revisións	1920-1924
03 11 01 12	Expedientes de revisións de quintas	1897-1900
03 11 01 13	Expedientes persoais	1920-1925
03 11 01 14	Expedientes xerais de quintas	1920-1924
03 11 01 15	Expedientes xerais de recrutamento	1920-1954
03 11 01 16	Expedientes xustificativos de ausencias	1920-1923
03 11 01 17	Expedientes xustificativos de excepción	1914-1925
03 11 01 18	Índices de mozos	1920-1921
03 11 01 19	Libros rexistros de apelacións e resolucións do Tribunal médico	1899-1923
03 11 01 20	Libros rexistros de certificacións de liberdade	1912-1912
03 11 01 21	Libros rexistros de entrada	1903-1925
03 11 01 22	Libros rexistros de revisións de quintas	1877-1925
03 11 01 23	Libros rexistros de revisións médicas	1908-1923

03 11 01 24	Libros rexistros de saída	1902-1925
03 11 01 25	Libros rexistros xerais de prófugos	1912-1915
03 11 01 26	Libros rexistros xerais de prórrogas	1912-1912
03 11 01 27	Libros xerais de excluídos	1920-1924
03 11 01 28	Padróns militares	1912-1915
03 11 01 29	Revisións médicas	1908-1923
03 11 01 30	Solicitudes de indultos	1918-1919
03 11 02	Prevención e extinción de incendios	
03 11 02 01	Expedientes de prevención e extinción de incendios	1997-1997

03 12	Xestión e recadación de tributos e prezos públicos	
03 12 00 01	Cargos	1945-2017
03 12 00 02	Certificacións de esforzo fiscal	1993-2002
03 12 00 03	Contas de recadación de impostos municipais	1935-2018
03 12 00 04	Contas de recadación de organismos oficiais e autónomos	1971-1985
03 12 00 05	Contas de recadación de valores do Estado	1951-1985
03 12 00 06	Datas	1956-1999
03 12 00 07	Expedientes de falidos	1951-2011
03 12 00 08	Expedientes de prema	1930-2011
03 12 00 09	Follas de arqueo de caixa	1958-1999
03 12 00 10	Libros auxiliares de recadación	1974-1979
03 12 00 11	Libros de contas correntes cos bancos	1955-1977
03 12 00 12	Libros de contas correntes de recadadores	1955-1955
03 12 00 13	Libros de impostos municipais	1959-1970
03 12 00 14	Libros de recadación de organismos oficiais e autónomos	1957-1987
03 12 00 15	Libros de recadación de valores do Estado	1945-1987
03 12 00 16	Libros de recadación executiva	1934-1969
03 12 00 17	Libros de recadación ordinaria	1960-1971
03 12 00 18	Libros de recadación voluntaria	1945-1956
03 12 00 19	Libros maiores	1926-1976
03 12 00 20	Liquidacións	1932-2003
03 12 00 21	Notificacións	1967-1974
03 12 00 22	Padróns	1937-2003
03 12 00 23	Premios de cobranza	1945-1980
03 12 00 24	Talóns de cargo	1973-1980

03 13	Desenvolvemento sostible e medio ambiente	
03 13 00 01	Expedientes de instalación e cultivo de viveiros	1950-1965
03 13 00 02	Programas de mellora do medio rural	1970-1970

Outros fondos

Fondo	Datas
Aeródromo de Rozas	1937-1937
Cámara Oficial da Propiedade Urbana	1959-1969
Cámara Oficial de Comercio	1959-1962
Cámara Oficial Sindical Agraria	1959-1962
Cárcere do Partido Xudicial de Lugo	1877-1905
Centro Provincial Coordinador de Bibliotecas de Lugo	1985-1985
Colexio Provincial de Funcionarios de Administración Local	1959-1971
Comisión Mixta de Recrutamento	1887-1925
Comisión Provincial de Servizos Técnicos	1951-1978
Comisión Provincial-Comarcal do Corpo de Mutilados de Guerra	1946-1953
Comisión Provincial de Valoración de Requisas	1942-1958
Consello Provincial	1845-1868
Consello Provincial de Agricultura, Industria e Comercio	1864-1910
Consello Provincial de Fomento de Lugo	1915-1918
Escola de Náutica e Comercio de Ribadeo	1856-1874
Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo	1990-2006
Fundacións Comarcais da provincia de Lugo	1994-2006
Instituto de Estudos da Administración Local	1941-1978
Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES)	1985-2012
Irmandades Sindicais de Labradores e Gandeiros da Provincia de Lugo	1953-1960
Padroado do Colexio Universitario de Lugo	1973-1981
Padroado Pro Reconstrución do Mosteiro de Samos	1952-1953
Padroado Provincial de Ensinanza Media e Profesional de Lugo	1950-1969
Padroado Virxe dos Ollos Grandes	1971-1981
Xunta de Armamento e Defensa	1936-1937
Xunta de Caridade	1836-1837
Xunta de Goberno Provisional	1840-1843
Xunta de Sanidade	1832-1851
Xunta Provincial de Electrificación Rural	1958-1959
Xunta Provincial de Maternidade e Beneficencia	1840-1849
Xunta Provincial do Censo Electoral	1873-1954